

AER SOLICITA A POSTA EN VALOR DO CRUCEIRO DA PONTE DAS PASAIS



AER, sendo consciente do actual estado do Cruceiro da Ponte das Pasais e tendo recibido comunicacións de veciños e asociacións culturais acerca do estado no que se atopa o susodito cruceiro e o perigo que corre, ven de instar ao goberno local a que tome as medidas oportunas para a súa posta en valor e para a súa conservación.

O Cruceiro da Ponte das Pasais conta cun importante valor patrimonial e cultural, quedando despois de anos de actuacións no seu entorno, escondido, rodeado de valos da estrada e de diversas sinais que o desvirtúan.

Por este motivo dende AER demandouse que o goberno local informe se hai planificada algunha actuación para poñer en valor o presente Cruceiro, e de non ser así, que o Concello de Redondela proceda a tomar as medidas oportunas, consultando as entidades e profesionais que traballen no eido da posta en valor do patrimonio, para a súa posta en valor.



AER, tras ter recibidos avisos por parte de veciños de Redondela onde indican que existen en diferentes puntos do concello contenedores situados enriba das beirarúas, tales como casos detectados en Cesantes antes do Bar O Aparecido ou no Viso na estrada da Teixeira, ven de presentar rexistro no Concello informando deste feito. Esta situación obriga aos peóns a ter que baixar da beirarúa e transitar pola mesma estrada, xustamente ao contrario do que debese ser e creando puntos evitables de inseguridade vial.

Do mesmo xeito tamén se teñen detectado casos nos que os contenedores atópanse antes dun paso de peóns no sentido da circulación ou en cruces, de xeito que limitan a visibilidade e a

seguridade á hora de cruzar a estrada.

Dende AER solicítouse coñecer que actuacións correctivas ten planificado o goberno local ao respecto e que se proceda a unha revisión xeral dos emprazamentos dos contenedores dende unha perspectiva da seguridade vial e da non invasión de beirarúas e zonas de tránsito dos peóns.